

ACTA DO PROCESO SELECTIVO CELEBRADO PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA EDUCADOR/A AMBIENTAL PARA O PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA DO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

Con data 10 de xuño de 2022 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un/unha Educador/a Ambiental, segundo as bases aprobadas en maio de 2022 (convocatoria publicada no xornal Ideal Gallego).

Persoas Presentadas:

- 1.- Ángel Prieto Soto
- 2.- Eva Barbazán García

Admitidos/as:

- 1.- Ángel Prieto Soto

Sendo as 10.00 horas do día 16 de xuño de 2022 constitúese no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, o Tribunal de Selección para designar a persoa que cubrirá con carácter temporal 1 praza de Educador/a Ambiental para o PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA do CEIDA.

Comparecen os seguintes membros da Comisión de Selección :

- Presidente : D. Carlos Vales Vázquez
- Vogal 1 : D. Carlos Aymerich Cano
- Vogal 2 : D. Manuel Ramón Lema Pombo
- Secretaria : Dna. Carmen Borobio Vázquez

Á hora sinalada da comezo a fase de concurso coa análise do curriculum presentado e posteriormente comeza a fase do oposición coa realización da entrevista persoal á aspirante e a defensa da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración dos curriculums son os seguintes :

a) Formación(ata un máximo de 5 puntos):

1. Por estar en posesión dalgún dos títulos esixidos na base 3.6 de este anexo: 2 puntos.
2. Por estar en posesión dun máster oficial universitario directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria: 0,5 puntos ate un máximo de 1 punto.
3. Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos ou homologados por organismos oficiais e directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria:
 - Formación de menos de 15 horas: 0,05 puntos cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 15 e menos de 30 horas: 0,10 cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 30 horas: 0,25 cada un ata un máximo de 1 punto.

b) Experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por exercicio profesional como Educador/a Ambiental: 0,5 puntos por cada 3 meses ata un máximo de 3 puntos.
2. Por outros méritos desenvolvemento de actuacións vinculadas ao posto de traballo: ata un máximo de 2 puntos.

Fase de concurso: máximo 10 puntos.

Unha vez rematada a fase de concurso, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase concurso
Ángel Prieto Soto	6,55

Posteriormente, comeza a fase de oposición no que se procede á entrevista profesional e á valoración da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración da entrevista e a memoria son:

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Fase de oposición: máximo 15 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
Ángel Prieto Soto	15

Finalmente, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación obtida pola candidata é a seguinte

Candidato/a	Puntuación final
Ángel Prieto Soto	21,55

De acordo coa puntuación obtida, acórdase conceder a praza á seguinte aspirante:

Praza de Educador/a Ambiental para o PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA do CEIDA

- **Ángel Prieto Soto**

Ás 10.40 horas dáse por finalizado o acto do que eu, como secretaria do Tribunal de Selección dou fe, asinando a presente acta en proba de conformidade, tódolos membros da mesma, presentes en dito acto.



Asdo. D. Carlos Vales Vázquez
Presidente do Tribunal



Asdo. D. Carlos Aymerich Cano
Vogal 1 do Tribunal



Asdo. D. Manuel Ramon Lema Pombo
Vogal 2 do Tribunal



Asdo. Dna. Carmen Borobio Vázquez
Secretaria do Tribunal